

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES ILLA DE ONS (BUEU)

CURSO: 4º ESO

MATERIA: TECNOLOGÍA

DEPARTAMENTO: TECNOLOXÍA

DATA: 10/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>B1.1. Analizar os elementos e os sistemas que configuran a comunicación con fíos e sen eles.</b>	TEB1.1.1. Describe os elementos e os sistemas fundamentais que se utilizan na comunicación con fíos e sen eles. TEB1.1.2. Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.
<b>B1.2. Acceder a servizos de intercambio e publicación de información dixital con criterios de seguridade e uso responsable.</b>	TEB1.2.1. Localiza, intercambia e publica información a través de internet empregando servizos de localización, comunicación intergrupala e xestores de transmisión de son, imaxe e datos. TEB1.2.2. Coñece as medidas de seguridade aplicables a cada situación de risco.
<b>B1.3. Elaborar programas informáticos sinxelos.</b>	TEB1.3.1. Desenvolve un programa informático sinxelo para resolver problemas, utilizando unha linguaxe de programación.
<b>B1.4. Utilizar equipamentos informáticos.</b>	TEB1.4.1. Utiliza o computador como ferramenta de adquisición e interpretación de datos, e como realimentación doutros procesos cos datos obtidos.
<b>B2.1. Describir os elementos que compoñen as instalacións dunha vivenda e as normas que regulan o seu deseño e a súa utilización.</b>	TEB2.1.1. Diferencia as instalacións típicas nunha vivenda. TEB2.1.2. Describe os elementos que compoñen as instalacións dunha vivenda.
<b>B2.3. Experimentar coa montaxe de circuitos básicos e valorar as condicións que contribúen ao aforro enerxético.</b>	TEB2.3.1. Realiza montaxes sinxelas e experimenta e analiza o seu funcionamento.
<b>B2.4. Avaliar a contribución da arquitectura da vivenda, das súas instalacións e dos hábitos de consumo ao aforro enerxético.</b>	TEB2.4.1. Propón medidas de redución do consumo enerxético dunha vivenda.
<b>B3.1. Analizar e describir o funcionamento e a aplicación dun circuito electrónico e os seus compoñentes elementais.</b>	TEB3.1.2. Explica as características e as funcións de compoñentes básicos: resistor, condensador, díodo e transistor.
<b>B3.2. Empregar simuladores que faciliten o deseño e permitan a práctica coa simboloxía normalizada.</b>	TEB3.2.1. Emprega simuladores para o deseño e a análise de circuitos analóxicos básicos, utilizando simboloxía axeitada

<b>B3.3. Experimentar coa montaxe de circuítos elementais e apicalos no proceso tecnolóxico.</b>	TEB3.3.1. Realiza a montaxe de circuítos electrónicos básicos deseñados previamente.
<b>B3.5. Resolver mediante portas lóxicas problemas tecnolóxicos sinxelos.</b>	TEB3.5.1. Resolve mediante portas lóxicas problemas tecnolóxicos sinxelos.
<b>B4.2. Montar automatismos sinxelos</b>	TEB4.2.1. Representa e monta automatismos sinxelos.
<b>B4.3. Desenvolver un programa para controlar un sistema automático ou un robot e o seu funcionamento de forma autónoma.</b>	TEB4.3.1. Desenvolve un programa para controlar un sistema automático ou un robot que funcione de forma autónoma en función da realimentación que recibe do contorno.
<b>B5.1. Coñecer as principais aplicacións das tecnoloxías hidráulica e pneumática.</b>	TEB5.1.1. Describe as principais aplicacións das tecnoloxías hidráulica e pneumática.
<b>B5.2. Identificar e describir as características e o funcionamento deste tipo de sistemas.</b>	TEB5.2.1. Identifica e describe as características e o funcionamento deste tipo de sistemas.
<b>B6.1. Coñecer a evolución tecnolóxica ao longo da historia</b>	TEB6.1.1. Identifica os cambios tecnolóxicos máis importantes que se produciron ao longo da historia da humanidade.
<b>B6.3. Valorar a repercusión da tecnoloxía no día a día.</b>	TEB6.3.1. Elabora xuízos de valor fronte ao desenvolvemento tecnolóxico a partir da análise de obxectos, relacionado inventos e descubertas co contexto en que se desenvolven.

## 2. Avaliación e cualificación

Procedementos:

### PRIMEIRA AVALIACIÓN

Valorando, grazas aos instrumentos, o grao de consecución dos estándares de aprendizaxe, establécense unha serie de procedementos xerais que permitirán cuantificar a adquisición das novas competencias por parte do discente:

- **Cualificacións**

PRODUTO	INSTRUMENTOS	PESO PORCENTUAL NA AVALIACIÓN
Exames	Probas escritas	70%
Proxectos tecnolóxicos	Rúbrica	
Entregas <i>Caderno de aula, boletíns, prácticas, outras...</i>	Rúbrica	20%
Actitude e comportamento	Táboa de observación	10% (ata un máximo de 1 punto)

Avaliación

Serán positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5. Tendo en conta o redondeo decimal de  $\geq 0,5$  a 1.

Para cada unha das partes, faise a seguinte consideración:

- A cualificación media das probas escritas e do proxecto tecnolóxico (que terá en conta a memoria e mailo obxecto creado), estará comprendida entre 1 e 10 e será necesario acadar como mínimo dunha nota de 3,5 en cada unha delas para facer media aritmética co resto das probas realizadas nesa avaliación.
- A cualificación obtida para cada unha das entregas terá unha valoración que, explicitamente, valorará aspectos coma o contido, a claridade e a presentación, penalizando 0,10 puntos o incumprimento da entrega.

- A actitude avaliarase segundo as táboas de observación, corrixida por un sistema de penalización por condutas non apropiadas baseada en negativos, de tal xeito que cada un destes penaliza 0,10 puntos.

### SEGUNDA AVALIACIÓN

Mantéñense os mesmos procedementos da primeira avaliación pero elimínanse parte dos produtos de avaliación debido a suspensión das actividades lectivas dende o 13 de marzo de 2020.

PRODUTO	INSTRUMENTOS	PESO PORCENTUAL NA AVALIACIÓN
<b>Exames</b>	Probas escritas	<b>70%</b>
<b>Entregas</b> <i>Prácticas Electrónica analóxica</i>	Rúbrica	<b>20%</b>
<b>Actitude e comportamento</b>	Táboa de observación	<b>10%</b>

### TERCEIRA AVALIACIÓN

A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais será continua e acentuará o seu carácter diagnóstico para valorar os avances realizados e os atrasos que se puidesen producir, con obxecto de planificar as medidas de recuperación que sexan necesarias e programar o vindeiro curso. En todo caso, a avaliación das actividades realizadas na fase non presencial terá un valor positivo para a cualificación do alumnado.

PRODUTO	INSTRUMENTOS	PESO PORCENTUAL NA AVALIACIÓN
<b>Entregas</b> <i>Boletíns, traballos de investigación e prácticas</i>	Rúbrica	<b>80%</b>
<b>Actitude e comportamento</b> <i>Participación e responsabilidade</i>	Táboa de observación	<b>20%</b>

**Recuperación ordinaria de avaliacións:**

Ao finalizar cada unidade, informarase ao alumnado dos aspectos negativos da súa avaliación, se é o caso, indicándoselles como os deberan superar. O sistema de recuperación proposto dependerá do tipo de estándares de aprendizaxe non superados. As probas escritas con cualificación negativa, recuperaranse en avaliacións sucesivas. Á parte correspondente á análise de producións do alumnado aplicaráselles as observacións feitas nas sucesivas unidades e informarase ao alumnado da forma de recuperación se non superaron a avaliación por este motivo.

Establecese as seguintes opcións (a criterio do docente), cunha valoración máxima de 5 puntos:

- Por proba escrita.
- Por avaliación, ao remate, sendo recuperables os estándar/es concreta/s.
- Avaliación positiva das actividades deseñadas para tal fin na terceira avaliación.

**Instrumentos:**

Os obxectos que se obteñen coma resultado das actividades deseñadas para esta programación permiten facer un seguimento polo miúdo do proceso de aprendizaxe das competencias que se avalían. Considéranse principalmente estes instrumentos de traballo para a avaliación:

**• Probas escritas**

Conxunto de cuestións teóricas e problemas, obxectivos (preguntas concretas e opcións de resposta fixa para que o alumno/a escolla, sinale ou complete), abertas (con preguntas ou temas nas que o alumno/a constrúe as respostas), de interpretación de datos (imaxes, pezas, esquemas eléctricos, etc., seguido dunha serie de preguntas relativas a súa interpretación).

**• Rúbricas de traballo**

Os proxectos de tipo práctico que se desenvolven ao longo do curso supoñen a entrega dunha documentación acreditativa, valorada sobre rúbricas específicas. Entre outras, contémplanse as seguintes casuísticas:

- Documentos técnicos.
- Traballos de aplicación, síntese ou investigación.
- Resolución de exercicios e problemas.
- Prácticas no taller ou informática (empregando software específico).
- Caderno de clase e realización dos exercicios diarios.

	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Exposicións orais.</li> <li>▪ Habilidades de traballo no taller.</li> <li>• <b>Táboas de observación</b> Outros aspectos avaliados de carácter puntual, pero que pola definición do seu traballo non xeran un produto entregable <i>per se</i> na aula, serán avaliados mediante o emprego de táboas de información. Esta información avaliará principalmente a actitude e comportamento: <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Participar activamente durante a clase (preguntar dúbidas, prestar atención, recoller as explicacións no caderno, realizar as tarefas, etc.).</li> <li>▪ Respetar as normas de convivencia e a aprendizaxe dos compañeiros.</li> <li>▪ Traer o material necesario.</li> <li>▪ Entregar as tarefas con puntualidade.</li> </ul> </li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	<p>Procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>A avaliación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020 considera en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas. Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre sempre e cando se beneficie ao alumnado.</p> <p><b>Nota xuño = Nota media (1ª +2ª avaliación) + Bonificación 3ª avaliación*</b></p> <p>*Sumarase 1 punto cando a nota acadada na 3ª avaliación supere polo menos nun punto á nota media resultante da 1ª e 2ª avaliación.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>O alumnado que, como resultado da avaliación final ordinaria, obtivese cualificación negativa realizará unha proba extraordinaria no mes de setembro. O alumnado superará esta proba cando superen os estándares de aprendizaxe mínimos esixibles definidos na programación.</p> <p>Debido ao carácter extraordinario da proba, asignarase unha cualificación equivalente á puntuación obtida nesa proba, independentemente dos resultados obtidos ao longo do curso (de 0 a 10 puntos, aproximando por redondeo).</p> <p>Recomendarase a este alumnado repetir todas as actividades e problemas realizados no curso académico relacionados cos mínimos esixibles para a súa superación. No mes de xuño, o profesor indicarlles as pautas a seguir.</p>



<b>Alumnado de materia pendiente</b>	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p><b>Actividades</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Curtametraxes robótica. Reflexións. (Actividade de reforzo)</li> <li>- Boletín cuestións robótica (Actividade de reforzo)</li> <li>- Traballo de investigación Robots (Actividade de reforzo)</li> <li>- Taller: Mano robótica (Actividade de reforzo + Actividade de repaso)</li> <li>- Actividades mBot Ranger (Actividade de repaso + Actividade de ampliación)</li> <li>- Programación mBlock (Actividade de repaso + Actividade de ampliación)</li> <li>- Práctica electrónica analóxica: simulador Tinkercad ( Actividade de reforzo + Actividade de repaso + Actividade de recuperación)</li> <li>- Exercicio de electrónica dixital: Portas lóxicas e simplificación por Karnaugh. ( Actividade de reforzo + Actividade de repaso + Actividade de recuperación)</li> <li>- Boletín Introducción á pneumática. (Actividade de ampliación)</li> </ul>
<p><b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b></p>	<p>Proposta de tarefas semanais e videoconferencias para explicación das mesmas e aclaración de dúbidas. Contacto continuo con todo o alumnado por Classroom e correo electrónico.</p> <p>Todo o alumnado ten conectividade (dous de eles contan cos equipos +conexión a Internet cedidos pola Xunta).</p>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Apuntamentos, vídeos titoriais e guións facilitados pola profesora.</li> <li>- Equipo informático + conexión Internet.</li> <li>- Teléfono móbil (cámara).</li> <li>- Libro de texto.</li> <li>- Caderno.</li> <li>- Material de refugallo.</li> </ul>

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	A profesora informará ao alumnado de 4ºESO da materia de <i>Tecnología</i> e as súas familias do contido do documento guía da Adaptación da Programación Didáctica do curso 2019/2020, a través do Classroom.
<b>Publicidade</b>	Publicación na páxina web do centro.